

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**5190** *Real decreto 521/2020, do 19 de maio, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas.*

O artigo 8 da Constitución española determina que unha lei orgánica regulará as bases da organización militar conforme os principios que establece. En cumprimento dese mandato constitucional, promulgouse a Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, que establece unha organización que diferencia con claridade a estrutura orgánica e a operativa; a primeira, baixo a responsabilidade dos xefes de Estado Maior dos Exércitos, encargada da preparación da Forza, e a segunda, cuxo mando recae no xefe de Estado Maior da Defensa, encargada do seu emprego e establecida para o desenvolvemento da acción conxunta e combinada. Así mesmo, regula as bases da organización militar e responde aos principios de xerarquía, disciplina, unidade e eficacia, con criterios que posibiliten a acción conxunta nas Forzas Armadas.

Pola súa banda, a disposición derradeira primeira da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, «faculta o Goberno e o ministro de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da presente lei orgánica». Así mesmo, a disposición adicional décimo cuarta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, determina que a organización militar se rexe pola súa lexislación específica e polas bases establecidas na lexislación orgánica sobre a materia.

Neste contexto legal enmárcase o Real decreto 872/2014, do 10 de outubro, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas. Non obstante, a contorna en que se desenvolven as Forzas Armadas caracterizouse por unha continua evolución con sistemas e equipamentos cada vez máis complexos capaces de afectar novos ámbitos e espazos non previstos anteriormente e, en ocasións, con magnitudes dificilmente imaxinables.

A Estratexia de seguridade nacional define que o obxectivo da defensa nacional é asegurar a defensa da soberanía e integridade de España e a protección da poboación e o territorio fronte a calquera conflito. As ameazas e desafíos que se deben afrontar están interconectados, percíbense en todos os ámbitos de operación das Forzas Armadas, os seus efectos traspasan fronteiras e materialízanse con frecuencia, ademais de no ámbito terrestre, nos espazos comúns globais, como son o ciberespacio, o espazo marítimo e o espazo aéreo e ultraterrestre. Estes dous últimos forman un único ámbito, o aeroespacial, en que deben integrarse as capacidades de vixilancia, control e defensa do espazo aéreo e de vixilancia e seguimento do espazo ultraterrestre. Por iso, é necesario acometer unha revisión da estrutura orgánica das Forzas Armadas que permita a máxima eficacia ante ameazas ou agresións que poidan afectar a defensa nacional, sempre como garantía dos dereitos e liberdades da cidadanía.

Ademais, a organización das Forzas Armadas debe responder ao ritmo acelerado da evolución das súas formas de actuación. Así, preténdense adaptar, de forma continua, as estruturas ás posibilidades crecentes das novas tecnoloxías. Neste sentido, a evolución da organización das Forzas Armadas cara a un modelo centrado no coñecemento e nas persoas está en consonancia co acervo normativo da Administración xeral do Estado, que obriga a acometer a súa transformación cara a un modelo máis eficiente e áxil nas súas respostas á contorna.

Para lograr estes obxectivos, é imprescindible acometer unha nova organización das Forzas Armadas con capacidade de actualizarse en cada momento, xuntando os esforzos dos exércitos e a Armada para un fin común e único e que, simultaneamente,

sexa capaz de aproveitar as capacidades específicas en función da natureza e do contexto en que se deba operar.

En consecuencia, faise imprescindible combinar a homoxeneidade preconizada na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, con aqueles outros aspectos específicos dos medios e formas propias de acción dos exércitos e da Armada e, ao mesmo tempo, dotar as Forzas Armadas, no seu conxunto, da necesaria versatilidade organizativa a través dunha nova normativa flexible e áxil que permita reaccionar e adaptar as súas estruturas coa rapidez precisa para dar resposta ás exixencias da contorna en permanente evolución, como corresponde á actual era dixital.

Precisamente, en relación con esta nova era dixital, encóntrase o proceso de transformación dixital, cuxa evolución e desenvolvemento xa se iniciou no ámbito do Ministerio de Defensa. A consecución dunha transformación dixital adecuada debe permitir ás Forzas Armadas xestionar e distribuír convenientemente a información, así como mellorar a eficacia e axilidade internas. Para iso, o coñecemento constitúese como o principal recurso da organización, polo que esta debe fomentar o desenvolvemento de capacidades e talento no persoal militar que forma parte dela, de xeito que se aproveiten ao máximo as novas tecnoloxías dixitais e se logre a debida adaptación ao cambio para estar sempre en vangarda.

Concretamente, dentro do ámbito organizativo propiamente dito, este real decreto persegue reforzar o Estado Maior Conxunto para configuralo como principal órgano de apoio e asesoramento do xefe de Estado Maior da Defensa (Xemad). Para tal efecto, as unidades e xefaturas de carácter conxunto ou unificado, que antes se enmarcaban na Xefatura de Apoio para a Acción Conxunta, quedan neste real decreto encadradas directamente no Estado Maior Conxunto. Tamén se considera necesario reforzar a capacidade de actuación das Forzas Armadas no ámbito ciberespacial. Para iso, créase o Mando Conxunto do Ciberespacio, co obxecto de garantir a necesaria liberdade de acción no dito ámbito.

No ámbito organizativo dos exércitos e da Armada establécese unha organización básica homoxénea, pero tamén áxil, o que permite un alto grao de flexibilidade, necesario para garantir a eficacia e economía de medios. Para iso, defínense os seus órganos principais, o Cuartel Xeral, a Forza e o Apoio á Forza, e introdúcese aquelas modificacións que resultan imprescindibles para que as súas estruturas orgánicas poidan ser versátiles e se poidan adaptar en todo momento a calquera nova circunstancia sobrevida.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de maio de 2020,

DISPOÑO:

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto desenvolve a organización básica das Forzas Armadas para posibilitar o cumprimento das misións que se lles encomenden no marco específico, conxunto e combinado, de forma que se asegure a eficacia na execución das operacións militares, conforme o disposto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, e en garantía dos dereitos e liberdades da cidadanía.

#### Artigo 2. *Modelo de organización e transformación dixital.*

O modelo de organización estará en liña co proceso de transformación dixital do Ministerio de Defensa e permitirá unha adaptación constante a unha contorna en

evolución. Tamén recoñecerá as tendencias de cambio e será capaz de efectuar axilmente os axustes organizativos precisos para poder afrontalas. Así mesmo, fomentará o desenvolvemento de capacidades, a innovación e o talento no seu persoal, de forma que se aproveiten ao máximo as novas tecnoloxías dixitais para poder obter a superioridade da información.

*Artigo 3. Xestión da organización por procesos de traballo.*

1. A organización basearase na xestión por procesos como modelo principal que se empregará para o desenvolvemento da actividade, tanto de carácter específico como conxunto, no marco do proceso de transformación dixital do Ministerio de Defensa.

2. Os procesos de traballo sistematizarán e normalizarán a actividade das Forzas Armadas, favorecendo a calidade, a eliminación de duplicidades, a axilidade, a análise integral e o aforro de tempo e persoal.

3. As Forzas Armadas analizarán e centrarán a súa actividade en procesos de traballo aliñados cos troncais que se definan. A definición dos ditos procesos determinará a evolución e adaptación orgánica da estrutura.

4. Todos os compoñentes das Forzas Armadas integraranse na xestión por procesos de carácter conxunto, que terá que ser compatible e converxente con aqueles procesos definidos no ámbito específico de cada un.

## TÍTULO I

### Dos xefes de Estado Maior

*Artigo 4. O xefe de Estado Maior da Defensa.*

1. O xefe de Estado Maior da Defensa exerce, baixo a dependencia da persoa titular do Ministerio de Defensa, o mando da estrutura operativa das Forzas Armadas e o mando do Estado Maior da Defensa.

2. Nas súas funcións de apoio, o xefe de Estado Maior da Defensa:

a) Proporciona asesoramento militar ao presidente do Goberno e á persoa titular do Ministerio de Defensa.

b) Auxilia o presidente do Goberno e a persoa titular do Ministerio de Defensa na dirección estratéxica das operacións militares.

c) Participa, como autoridade responsable do planeamento militar, no proceso integral do planeamento da defensa e propón á persoa titular do Ministerio de Defensa as capacidades militares axeitadas para executar a política militar.

d) Asesora e informa a persoa titular do Ministerio de Defensa sobre o réxime do persoal militar no que afecte a operatividade das Forzas Armadas e a súa participación en organizacións internacionais, así como sobre as necesidades de persoal e ensino militar no ámbito conxunto e nas ensinanzas de altos estudos da defensa nacional.

e) Traslada á persoa titular da Subsecretaría de Defensa os requirimentos nas materias de persoal indicadas no parágrafo anterior.

3. No ámbito estratéxico:

a) Elabora e define a estratexia militar, contida no concepto de emprego das Forzas Armadas.

b) Realiza a condución estratéxica das operacións militares, baixo a dependencia da persoa titular do Ministerio de Defensa.

c) Dirixe as accións para garantir a liberdade de acción no ciberespacio, prevén e actúa ante ameazas ou agresións que poidan afectar a defensa nacional.

d) Asigna as forzas necesarias para as operacións militares e emite as instrucións correspondentes.

e) Dirixe a participación española no planeamento militar aliado e multinacional de nivel estratéxico.

f) Transfire, ao mando internacional que corresponda, a autoridade sobre as unidades e elementos designados para operacións, así como para os exercicios combinados que determine.

g) Require dos xefes de Estado Maior dos Exércitos e da Armada a atribución de mandos e forzas necesarias para cada operación, así como para cada exercicio que determine, e designa aqueles que sexan da súa competencia.

4. Na preparación e emprego da Forza:

a) Asegura a eficacia operativa das Forzas Armadas. Para tal fin:

1.º Coordina os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.

2.º Imparte aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire as directrices para orientar a preparación da Forza Conxunta.

3.º Supervisa a preparación das unidades da Forza Conxunta.

4.º Avalía a dispoñibilidade operativa das unidades da Forza mediante a valoración do seu grao de alistamento.

b) Establece as normas de acción conxunta das Forzas Armadas, que se concretan na doutrina militar.

c) Contribúe á definición das normas de acción combinada de forzas multinacionais.

d) Vela pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal en operacións e actividades baixo o seu mando.

5. Na organización das Forzas Armadas:

a) Propón á persoa titular do Ministerio de Defensa a creación das organizacións operativas permanentes que considere necesarias.

b) Crea as organizacións operativas de carácter temporal necesarias para cada operación, así como para cada exercicio que determine.

c) Propón á persoa titular do Ministerio de Defensa medidas encamiñadas á homoxeneización da organización dos exércitos e da Armada para mellorar a eficacia operativa das Forzas Armadas.

d) Propón á persoa titular do Ministerio de Defensa a unificación dos servizos cuxas funcións non deban ser exclusivas dun exército.

e) Propón á persoa titular do Ministerio de Defensa cantas iniciativas e actuacións considere necesarias para o impulso da transformación e do avance dixital nas Forzas Armadas.

6. No ámbito institucional, por delegación da persoa titular do Ministerio de Defensa, exerce a representación militar nacional ante as organizacións internacionais de seguridade e defensa.

7. No exercicio do mando da estrutura operativa, terá a competencia sancionadora e administrativa que lle atribúe a lexislación vixente na materia.

8. Cando calquera circunstancia lle impida exercer temporalmente o cargo, substituirao nas súas funcións, con carácter accidental, o xefe de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada ou do Exército do Aire de máis antigüidade.

*Artigo 5. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire.*

1. Os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire exercen, baixo a autoridade da persoa titular do Ministerio de Defensa, o mando do seu respectivo exército ou da Armada.

2. Nas súas funcións de apoio, os xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire asesoran as seguintes autoridades:

a) A persoa titular do Ministerio de Defensa no relativo á preparación, dirección e desenvolvemento da política do departamento no relacionado co seu respectivo exército ou da Armada.

b) O xefe de Estado Maior da Defensa:

1.º Sobre os aspectos do réxime do persoal militar que afecten a operatividade.

2.º No emprego das unidades do seu respectivo exército ou da Armada.

3.º Na elaboración e formulación dos aspectos específicos das súas respectivas capacidades.

4.º Na definición das normas de acción combinada de forzas multinacionais nos aspectos específicos do seu respectivo exército ou da Armada.

5.º Na definición das especificacións militares dos sistemas de armas, de apoio e de infraestrutura militar necesarios para o seu respectivo exército ou a Armada.

c) A persoa titular da Secretaría de Estado de Defensa nas políticas de armamento e material, investigación, desenvolvemento e innovación, industrial, económica, de infraestrutura, ambiental e dos sistemas, tecnoloxías e seguridade da información no ámbito da defensa, así como de infraestrutura, dos sistemas e as tecnoloxías da información e das comunicacións, da seguridade da información e no proceso de transformación dixital do departamento, no relativo ao seu respectivo exército ou Armada; colaboran con ela no seu desenvolvemento e infórmana da súa aplicación.

d) A persoa titular da Subsecretaría de Defensa no planeamento, dirección e inspección da política de persoal e ensino; colaboran con ela no seu desenvolvemento e infórmana da súa aplicación.

3. Na preparación da Forza:

a) Instrúen, adestran, administran e proporcionan apoio loxístico ao seu respectivo exército ou á Armada.

b) Garanten a adecuada preparación da Forza do seu respectivo exército ou da Armada para a súa posta á disposición da estrutura operativa das Forzas Armadas.

c) Desenvolven a doutrina militar no ámbito específico do seu respectivo exército ou da Armada.

4. Na organización das Forzas Armadas:

a) Desenvolven a organización, de acordo co disposto pola persoa titular do Ministerio de Defensa, do seu respectivo exército ou da Armada.

b) Propoñen á persoa titular do Ministerio de Defensa medidas encamiñadas á mellora da súa estrutura ou a homoxeneizar a súa organización coa dos exércitos e da Armada.

c) Propoñen á persoa titular do Ministerio de Defensa a unificación dos servizos cuxas funcións non deban ser exclusivas do seu exército ou da Armada.

5. No ámbito dos recursos humanos:

a) Velan polos intereses xerais do persoal militar baixo o seu mando, tutelan en particular o réxime de dereitos e liberdades derivado da norma constitucional e o seu desenvolvemento legal.

b) Definen as capacidades e deseñan os perfís necesarios para o exercicio profesional a que debe atender o ensino e dirixen a formación militar xeral e específica.

c) Dirixen a xestión de persoal.

d) Velan pola moral, motivación, disciplina e benestar do persoal do seu respectivo exército ou da Armada.

e) Deciden, propoñen ou informan conforme o previsto na lei, en relación cos aspectos básicos que configuran a carreira militar.

f) Avalían o réxime do persoal, así como as condicións de vida en buques, bases e acuartelamentos.

6. Tamén lles corresponde o exercicio daquelas outras funcións que lles asigne a lexislación especial ou que asuman en virtude de convenio ou doutras formas de colaboración con entidades públicas ou privadas.

7. Cando calquera circunstancia lles impida exercer temporalmente o cargo, substituiríraos nas súas funcións, respectivamente, con carácter accidental, o oficial xeneral en servizo activo máis antigo dos que lle estean subordinados na súa estrutura orgánica.

## TÍTULO II

### Estrutura operativa das Forzas Armadas

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 6. *Concepto e organización da estrutura operativa.*

1. A estrutura operativa é a organización establecida para o desenvolvemento da acción conxunta e combinada e disposta para o emprego da forza en operacións, en cumprimento das misións das Forzas Armadas, todo iso conforme o disposto nos artigos 11, 15 e 16 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro.

2. A estrutura operativa das Forzas Armadas organízase nunha cadea de autoridades militares situadas en tres niveis:

- a) Nivel estratéxico: o xefe de Estado Maior da Defensa.
- b) Nivel operacional: o comandante do Mando de Operacións e os comandantes daquelas organizacións operativas que determine o xefe de Estado Maior da Defensa para a execución dos plans de continxencia.
- c) Nivel táctico: os comandantes das organizacións operativas que se xeren.

3. As autoridades citadas no número anterior contarán, baixo o seu mando e dependencia orgánica, cos órganos de apoio e aqueloutros que se determinarán neste real decreto e nas disposicións que o desenvolvan, necesarios para o exercicio das súas competencias e o cumprimento das súas funcións.

Artigo 7. *As organizacións operativas e os seus comandantes.*

1. As organizacións operativas poderán crearse con carácter permanente ou temporal.

2. As organizacións operativas permanentes estarán directamente subordinadas ao xefe de Estado Maior da Defensa. Na execución das operacións asignadas estarán baixo o control operacional do comandante do Mando de Operacións, conforme a doutrina militar nacional ou internacional que proceda. Os seus comandantes serán responsables da planificación, condución e seguimento das operacións que se determinen. A persoa titular do Ministerio de Defensa, por proposta do xefe de Estado Maior da Defensa, creará estas organizacións operativas permanentes, desenvolverá a súa composición e funcións e adaptará a súa misión, dependencia e ámbitos de operación aos cambios do ámbito operativo.

3. As organizacións operativas que se creen con carácter temporal terán a estrutura de mandos e forzas que determine o xefe de Estado Maior da Defensa, conforme a doutrina militar nacional ou internacional que proceda.

4. Desde o momento do seu nomeamento, corresponde aos comandantes das organizacións operativas o exercicio das competencias e funcións que a doutrina militar aplicable, nacional ou internacional, lles asigna e, en particular:

- a) Toman parte, ao seu nivel, na planificación daquelas operacións en que participen.
- b) Exercen o mando das forzas postas baixo a súa autoridade de acordo co establecido nos plans en vigor.
- c) Levan a cabo a integración das forzas baixo o seu mando.
- d) Exercen, se é o caso, a representación militar nacional que se determine ante os mandos aliados ou multinacionais do seu nivel.

Artigo 8. *A Forza Conxunta.*

A Forza Conxunta constitúena todos os elementos integrantes da Forza do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, ademais dos elementos dos mandos subordinados ao xefe de Estado Maior da Defensa que se determinen.

## CAPÍTULO II

### O Estado Maior da Defensa

#### *Funcións e estrutura do Estado Maior da Defensa*

Artigo 9. *O Estado Maior da Defensa.*

1. O Estado Maior da Defensa é o órgano que posibilita o cumprimento das súas funcións ao xefe de Estado Maior da Defensa. Organizarase de forma que permita a definición e o desenvolvemento da estratexia militar, o planeamento militar, a planificación, o seguimento e a condución das operacións militares, asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas e a súa transformación e avance dixital e o exercicio do resto das súas competencias.

2. Entre outras funcións, ao Estado Maior da Defensa corresponderalle:

a) O desenvolvemento e detalle das políticas de seguridade da información nos sistemas de información e telecomunicacións no marco das políticas establecidas, así como a dirección da execución e o control do cumprimento destas políticas no ámbito das Forzas Armadas e para as operacións.

b) Apoiar o xefe de Estado Maior da Defensa nas actuacións que deba realizar sobre a infraestrutura integral de información para a defensa no ámbito operativo e nas que debese realizar para a supervivencia dos servizos dos sistemas de telecomunicacións e información críticos para a defensa e as Forzas Armadas, co alcance necesario para garantir a operatividade do Sistema de Mando e Control Militar.

c) A planificación, dirección e, de ser o caso, execución das actuacións en materia de información xeoespacial que lle correspondan no seu ámbito de competencias, sen prexuízo das responsabilidades asignadas a outros organismos dos exércitos e da Armada, de acordo coa normativa en vigor.

d) A dirección e coordinación da sanidade operativa.

3. O Estado Maior da Defensa estruturarase nun cuartel xeral e nos seguintes órganos:

- a) O Mando de Operacións.
- b) O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.
- c) O Mando Conxunto do Ciberespacio.
- d) O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.

4. Ademais, no Estado Maior da Defensa integraranse:
  - a) As organizacións operativas permanentes.
  - b) Os órganos nacionais militares relacionados con organizacións internacionais ou multinacionais.

## CAPÍTULO III

### O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa

#### Artigo 10. *O Cuartel Xeral.*

1. O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa está composto polo conxunto de órganos que encadran os medios humanos e materiais necesarios para asistir o xefe de Estado Maior da Defensa no exercicio do mando do Estado Maior da Defensa. Estará constituído polo Estado Maior Conxunto, os órganos de asistencia e asesoramento, os órganos de xestión e control económico e financeiro e aqueloutros que se determinen.

2. O Estado Maior Conxunto é o órgano auxiliar de mando do xefe de Estado Maior da Defensa na definición da estratexia militar, no planeamento militar, na planificación e na condución estratéxica das operacións, na realización das accións necesarias para asegurar a eficacia operativa das Forzas Armadas, na representación militar ante organismos internacionais de seguridade e defensa e no resto das súas competencias. Actuará como o principal coordinador das actividades xerais do Estado Maior da Defensa.

3. O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa contará, dentro dos órganos de asistencia e asesoramento, cunha asesoría xurídica como órgano consultivo e asesor, único en materia xurídica, do xefe de Estado Maior da Defensa e daqueloutros órganos que este determine. Dependerá organicamente do xefe de Estado Maior da Defensa e funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.

4. O Cuartel Xeral do Estado Maior da Defensa contará, dentro dos órganos de xestión e control económico e financeiro, cunha intervención delegada, que exercerá o control interno da xestión económico-financeira, a notaría militar e o asesoramento económico-fiscal. Dependerá orgánica e funcionalmente da Intervención Xeral da Defensa.

## CAPÍTULO IV

### Os órganos da estrutura do Estado Maior da Defensa

#### Artigo 11. *O Mando de Operacións.*

1. O Mando de Operacións é o órgano responsable do planeamento operativo, da condución e do seguimento das operacións militares. Así mesmo, asesora o xefe de Estado Maior da Defensa na condución estratéxica das operacións e é responsable de realizar o planeamento e a condución daqueles exercicios que se determinen. Realiza a supervisión da preparación e a avaliación da dispoñibilidade operativa dos mandos e forzas asignados á estrutura operativa e elabora directrices para o adestramento e alistamento destas unidades, polo que contribúe a asegurar a súa eficacia operativa.

2. Dependendo do Mando de Operacións constitúese permanentemente o Mando Conxunto de Operacións Especiais, que será responsable de realizar o planeamento, a condución e o seguimento das operacións especiais que se determinen.

#### Artigo 12. *O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.*

1. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas é o órgano responsable de facilitar á persoa titular do Ministerio de Defensa, a través do xefe de Estado Maior da Defensa, e ás autoridades militares a intelixencia militar precisa para alertar sobre situacións internacionais



susceptibles de xerar crise que afecten a defensa nacional, así como de prestar o apoio necesario, no seu ámbito, ás operacións, sen prexuízo das competencias do Centro Nacional de Intelixencia. Así mesmo, asesora o xefe de Estado Maior da Defensa e os xefes de Estado Maior dos Exércitos en materia de contraintelixencia militar e seguridade na estrutura orgánica das Forzas Armadas. Contribúe ao asesoramento do xefe de Estado Maior da Defensa no nivel estratéxico das operacións militares.

2. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas é o único organismo que asesora en materia de intelixencia militar no nivel estratéxico e forma parte da comunidade de intelixencia.

3. O Centro de Intelixencia das Forzas Armadas realizará, ademais, as seguintes funcións:

a) Dirixe e coordina o emprego dos sistemas de intelixencia, vixilancia e recoñecemento (ISR) conxuntos, así como coordina coas autoridades competentes a explotación da información dos sistemas ISR específicos.

b) A través do xefe de Estado Maior da Defensa, proporciona aos xefes de Estado Maior dos Exércitos e da Armada a intelixencia necesaria para o desenvolvemento das actividades de preparación da Forza e atende as peticións de información de intelixencia das autoridades do Ministerio de Defensa, no ámbito das súas competencias.

c) Planifica, dirixe e, de ser o caso, executa as actuacións en materia de información xeoespacial no ámbito da defensa. Para estes efectos, os órganos correspondentes dos exércitos e da Armada manteñen unha dependencia funcional co Centro de Intelixencia das Forzas Armadas.

#### Artigo 13. *O Mando Conxunto do Ciberespacio.*

1. O Mando Conxunto do Ciberespacio é o órgano responsable da dirección, a coordinación, o control e a execución das accións conducentes a asegurar a liberdade de acción das Forzas Armadas no ámbito ciberespacial.

2. Para iso, o Mando Conxunto do Ciberespacio planifica, dirixe, coordina, controla e executa as operacións militares no ciberespacio e, neste ámbito, as accións necesarias para garantir a supervivencia dos elementos físicos, lóxicos e virtuais críticos para a defensa e as Forzas Armadas.

#### Artigo 14. *O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional.*

1. O Centro Superior de Estudos da Defensa Nacional, como principal centro docente militar conxunto, é o órgano a que corresponde impartir cursos de altos estudos da defensa nacional e outros estudos conducentes á obtención de títulos de posgrao no ámbito conxunto, así como os estudos militares de carácter conxunto que se determinen, para o cal establecerá colaboracións coas universidades, os centros universitarios da defensa e outras corporacións públicas e privadas mediante os convenios pertinentes.

2. Así mesmo, desenvolve tarefas de investigación sobre temas relacionados coa seguridade e defensa, contribúe ao fomento e á difusión da cultura de seguridade e defensa e promove e desenvolve estudos, investigacións e outras actividades relacionados coa historia militar.

## CAPÍTULO V

### **Órganos nacionais militares relacionados con organizacións internacionais ou multinacionais**

#### Artigo 15. *Representacións militares nacionais e outros órganos dependentes do xefe de Estado Maior da Defensa.*

1. As representacións militares ante as organizacións internacionais de seguridade e defensa dependen do xefe de Estado Maior da Defensa.

2. Así mesmo, dependen do xefe de Estado Maior da Defensa os elementos nacionais, os elementos nacionais de apoio e os continxentes nacionais integrados en organizacións internacionais e multinacionais nas cales España participa.

## TÍTULO III

### Estrutura orgánica das Forzas Armadas

#### Artigo 16. *Concepto de estrutura orgánica.*

1. A estrutura orgánica é a organización encargada da preparación da Forza que posibilitará a xeración da estrutura operativa, establecida mediante criterios de funcionalidade baseados nos medios e nas formas propias de acción do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire e nunha organización homoxénea destes, coa flexibilidade suficiente para garantir a eficacia e economía de medios consonte o artigo 11 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro.

2. A transferencia de unidades da estrutura orgánica das Forzas Armadas á estrutura operativa non implicará cambio da súa dependencia orgánica.

#### Artigo 17. *O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire.*

O Exército de Terra, a Armada e o Exército do Aire compoñen a estrutura orgánica das Forzas Armadas e achegan as capacidades básicas para a súa estrutura operativa. Cada un deles está composto:

- a) Polo Cuartel Xeral.
- b) Pola Forza.
- c) Polo Apoio á Forza.

#### Artigo 18. *O Cuartel Xeral.*

1. O Cuartel Xeral de cada exército encadra os medios humanos e materiais necesarios para asistir o xefe de Estado Maior no exercicio do mando sobre o seu respectivo exército e estará constituído, polo menos, polos seguintes órganos:

- a) O Estado Maior.
- b) O Gabinete do xefe de Estado Maior.
- c) Os órganos de asistencia e servizos xerais que se determinen.

2. O Estado Maior, como principal órgano de apoio do xefe de Estado Maior, é responsable de proporcionarlle os elementos de xuízo necesarios para fundamentar as súas decisións, traducir estas en ordes e velar polo seu cumprimento. O segundo xefe do Estado Maior exercerá a súa xefatura, así como a organización, planificación, dirección, coordinación e control xeral das actividades do seu exército ou da Armada.

3. O Gabinete do xefe de Estado Maior é o órgano de apoio, asesoramento e asistencia inmediata ao xefe de Estado Maior naqueles asuntos que este lle encomende.

4. Os órganos de asistencia e servizos xerais atenderán as necesidades do Cuartel Xeral e dos órganos que o xefe de Estado Maior determine.

5. A Asesoría Xurídica de cada exército e da Armada estará encadrada no seu cuartel xeral como órgano consultivo e asesor, único en materia xurídica, do xefe de Estado Maior de cada exército e da Armada e daqueloutros órganos que este determine. Dependerá orgánicamente do xefe de Estado Maior do respectivo exército ou da Armada e funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Defensa.

6. En cada cuartel xeral existirá, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Defensa, unha intervención delegada, que exercerá o control interno da xestión económico-financeira, a notaría militar e o asesoramento económico-fiscal.

#### Artigo 19. *A Forza.*

1. A Forza é o conxunto de medios humanos e materiais que se agrupan e organizan coa función principal de prepararse para a realización de operacións militares.

2. A Forza organizarase por capacidades, con carácter modular e flexibilidade, de forma que permita a preparación e a avaliación das súas unidades e facilite a súa transferencia total ou parcial á estrutura operativa das Forzas Armadas. Así mesmo, posibilitará o desenvolvemento dos niveis de esforzo que, en cada caso, sinale o Goberno.

#### Artigo 20. *O Apoio á Forza.*

1. O Apoio á Forza é o conxunto de órganos responsables da dirección, xestión, administración e control dos recursos humanos, materiais e financeiros, asignados aos exércitos e á Armada. No seu ámbito, dirixirse e controlarse o sostemento da Forza e levaranse a cabo as actividades do apoio loxístico que posibilitan a vida e o funcionamento das unidades, centros e organismos.

2. O Apoio á Forza levará a cabo as actuacións precisas co fin de proporcionar aos exércitos e á Armada o necesario para o cumprimento das súas funcións, subordinadas ás que, neste ámbito do Apoio á Forza, teñan ou poidan ter asignadas outros órganos de carácter unificado ou conxunto.

3. O Apoio á Forza estruturarase en órganos competentes nos seguintes ámbitos:

a) Recursos humanos, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control en materia de persoal, de asistencia ao persoal, de sanidade e de ensino.

b) Recursos materiais, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control de material e do apoio loxístico, e atenderán a adquisición, o abastecemento ou aprovisionamento, o sostemento, o transporte, a infraestrutura, os sistemas de armas e as construcións, así como o apoio en bases e acuartelamentos, na medida en que cada exército teña competencias específicas nestas actividades. Así mesmo, será responsable naqueles asuntos relacionados cos sistemas de información e telecomunicacións non asignados a outros órganos dos exércitos e da Armada.

c) Recursos financeiros, cuxos órganos serán responsables principais da dirección, xestión, administración e control do dito recurso e da contratación e contabilidade. Corresponderalles tamén a elaboración técnica do anteproxecto de orzamento e a centralización de toda a información tanto sobre a previsión e execución dos programas como do orzamento. Así mesmo, corresponderalles a administración dos recursos financeiros non asignados expresamente a ningún outro órgano.

4. En función da homoxeneidade ou amplitude das actividades que se desenvolvan, os ámbitos citados no número anterior poderanse agrupar ou desdobrar, conforme as necesidades derivadas das formas propias de acción de cada exército, en mandos, xefaturas ou direccións.

5. Os órganos do Apoio á Forza asesorarán o xefe de Estado Maior nas materias da súa competencia. Corresponderalles a administración dos recursos financeiros que teñan asignados.

6. Os órganos que se constitúan dependerán funcionalmente dos órganos directivos do Ministerio de Defensa con responsabilidade nas materias correspondentes, conforme o disposto nos artigos 4 e 8 do Real decreto 372/2020, do 18 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura básica do Ministerio de Defensa.

#### Artigo 21. *A Unidade Militar de Emerxencias.*

1. A Unidade Militar de Emerxencias (UME), que depende organicamente da persoa titular do Ministerio de Defensa, está constituída de forma permanente e ten como misión a intervención en calquera lugar do territorio nacional e no exterior, para

contribuír á seguridade e ao benestar dos cidadáns nos supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas, conforme o disposto no Real decreto 1097/2011, do 22 de xullo, polo que se aproba o Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias. A persoa titular do departamento ditará as normas que regulen a organización e o funcionamento desta unidade no ámbito do departamento.

2. Sen prexuízo do anterior, como parte integrante das Forzas Armadas, o xefe de Estado Maior da Defensa exercerá sobre a UME as competencias que, conforme o establecido nos artigos 12.3.b) e 15.2 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, lle atribúen nos supostos de condución de operacións militares que contribúan á seguridade e defensa de España e dos seus aliados.

Disposición adicional primeira. *Do comandante xeneral da Infantaría de Mariña.*

O comandante xeneral da Infantaría de Mariña poderá asesorar directamente o xefe de Estado Maior da Armada naqueles asuntos referidos ao corpo de Infantaría de Mariña que non se relacionen de forma específica e directa coa preparación da Forza.

Disposición adicional segunda. *Dependencia do Centro de Sistemas e Tecnoloxías da Información e das Comunicacions.*

O xefe de Estado Maior da Defensa exercerá sobre o Centro de Sistemas e Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (Cestic) as competencias que lle permitan exercer a súa autoridade sobre a infraestrutura integral de información para a defensa (I3D) no ámbito operativo e a supervivencia dos servizos críticos para a defensa e as Forzas Armadas, conforme o establecido nos artigos 12.3 b) e 15.2 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro. O xefe de Estado Maior da Defensa exercerá as citadas competencias sobre os servizos críticos para a operatividade da estrutura operativa das Forzas Armadas e da Forza Conxunta.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público nin de cadro de persoal.*

A aplicación e o desenvolvemento deste real decreto levarase a cabo sen aumento do custo de funcionamento e non suporá incremento do gasto público nin de persoal.

Disposición transitoria única. *Subsistencia de unidades.*

1. As unidades actualmente existentes non previstas neste real decreto continuarán exercendo as competencias que non fosen asignadas a outra ou outras unidades ata que entren en vigor as disposicións que o desenvolvan, se produzan as adaptacións orgánicas necesarias e se transfiran esas competencias a outras unidades.

2. O Mando de Vixilancia e Seguridade Marítima e o Mando de Defensa e Operacións Aéreas regulados na sección cuarta do capítulo II do título II do Real decreto 872/2014, do 10 de outubro, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas, continuarán exercendo as súas competencias e funcións ata que a persoa titular do Ministerio de Defensa desenvolva as organizacións operativas permanentes reguladas no artigo 7 deste real decreto. No seu desenvolvemento normativo ampliarase ao ámbito aeroespacial a actuación do Mando de Defensa e Operacións Aéreas.

3. A persoa titular do Ministerio de Defensa establecerá un período de transición para a adaptación das unidades do Estado Maior da Defensa afectadas pola nova organización e funcións do Mando Conxunto do Ciberespacio.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1. O Real decreto 872/2014, do 10 de outubro, polo que se establece a organización básica das Forzas Armadas.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións, de igual ou inferior rango, se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento, execución e aplicación.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Defensa para que adopte as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto e, en particular, para establecer as unidades das Forzas Armadas que sexan necesarias, de nivel inferior ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 19 de maio de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Defensa  
MARGARITA ROBLES FERNÁNDEZ